

A normativa aplicable na materia é a seguinte:

- ? Artigos 191 e 193 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais
- ? Artigos 89 a 105 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, en materia orzamentaria
- ? Orden EHA 4041/2004, de 23 de novembro, que aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local

Segundo a normativa citada, o Concello ten a obriga de pechar e liquidar os seus orzamentos antes do un de marzo do exercicio seguinte. A carga de traballo na oficina e os erros na aplicación de contabilidade impediron a elaboración dos estados da liquidación do Orzamento do exercicio 2006 no prazo previsto legalmente.

A información obtida da liquidación do Orzamento 2006 cumpre o establecido polo artigo 93 do RD 500/90:

1. Respecto ao Orzamento de gastos, e para cada partida orzamentaria: os créditos iniciais, as súas modificacións, os créditos definitivos, os gastos autorizados, os gastos comprometidos, as obrigas recoñecidas os pagos ordeados e os pagos realizados
2. Respecto ao Orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións, as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados e os recadados netos
3. A determinación dos dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro
4. O resultado orzamentario do exercicio
5. Os remanentes de crédito
6. O remanente de tesourería

A análise da información obtida plantexase en tres apartados: resultado orzamentario, remanente de tesourería e plan de saneamento financeiro

## **I) RESULTADO ORZAMENTARIO**

O resultado orzamentario axustado é de 8.791.079,13 euros, un 10,12% superior ao do exercicio 2005

Os dereitos recoñecidos netos incrementáronse nun 7,6% e as obrigas netas incrementáronse o 4,28%

O Orzamento 2006 aprobouse cun superávit inicial de 4.500.000 euros

#### I.1.- DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS:

As modificacións fundamentais producíronse no capítulo 8 como consecuencia da financiación da incorporación de remanentes con remanente de tesourería para gastos con financiación afectada. Os capítulos 4 e 7 de Transferencias modificáronse nun 21% e 54% respectivamente, por mor dos ingresos afectados recibidos, fundamentalmente doutras entidades territoriais. O capítulo 3 modificouse nun 8,5% como consecuencia fundamentalmente da obtención de ingresos en concepto de cotas de urbanización e dos ingresos de conceptos tributarios derivados da inspección. A modificación do capítulo 6 deriva da obtención de ingresos afectados a gastos concretos. A modificación do capítulo 9 procede da operación de crédito que financia os gastos extraordinarios e urxentes dos incendios

Polo que respecta aos dereitos recoñecidos netos, o porcentaxe total de execución respecto as previsións definitivas é do 76,15 %. Nembargantes, debe analizarse este dato con máis detenemento posto que nel se inclúe o capítulo 8, que teñe un tratamento singular, posto que non dá lugar a dereitos recoñecidos.

O nivel de execución de operacións correntes (cap 1 a 4) é do 92,84 %. O dos capítulos 7 do 72,3% e dos capítulos 6 e 9 o 100%

Se a análise desglosa os ingresos de xestión propia e os ingresos derivados de transferencias os resultados son idénticos, posto que a execución dos capítulos 1, 2, 3 e 5 por unha banda, e dos capítulos 4 e 7 por outra é do 92%

Se analizamos a información desglosada por capítulos e conceptos, podemos ver que o 104,9% de execución do capítulo 1 é o resultado dunha execución do 115% no Imposto sobre o incremento do valor dos terreos, unha execución do 96,8 % no Imposto sobre bens inmobles e do 97,8 % no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica e do 98% no Imposto sobre actividades económicas; o que supón unha mellora en tódolos conceptos respecto ao exercicio 2005. A novidade do exercicio 2006 é a contabilización de dereitos recoñecidos no concepto 10000, de Imposto sobre a renda das persoas físicas, polo importe correspondente á cesión de tributos do Estado, segundo os criterios de contabilización establecidos pola Intervención xeral do Estado e pola Orde EHA 4041/2004 que minoran o concepto 42000, e o determinante da execución superior ao 100% do capítulo 1

O capítulo 2 presenta o nivel de execución máis alto, o 160,2%, e corresponde ao Imposto sobre construcións, instalacións e obras, cunha execución do 119% sobre as previsións iniciais e 1 millón de euros recoñecidos como resultado da inspección tributaria; e fundamentalmente aos dereitos recoñecidos dos artigos 21 e 22 en concepto de Cesión de impostos indirectos.

A execución global do capítulo 3 foi do 74,4%. O concepto de taxas por licencias urbanísticas executouse case nun 100%, menor porcentaxe de execución que no ano 2005, e cun recoñecemento de dereitos de 895 mil euros derivados da inspección. Tiveron unha boa execución a taxa de basura, as ocupacións de dominio público, as multas e as sancións de tráfico. Os ingresos

derivados da xestión recadatoria non chegaron as previsións, aínda que a execución é menor no recargo de prema que nos xuros de mora. Incrementáronse as previsións iniciais das cotas de urbanización en 1,67 millóns como consecuencia da liquidación de cotas xestionadas polos servizos propios municipais, pero a execución total por ese concepto é do 53%. Os ingresos de aproveitamento urbanístico executáronse nun 62%. Tanto as cotas como o aproveitamento son ingresos afectados, o que supón unha menor posibilidade de execución de gasto

O capítulo 4 inclúe nas súas previsións como ingreso non afectado a participación en tributos do Estado, aínda que neste exercicio adaptouse a contabilización aos criterios da Orde 4041/2004 e só se imputaron ao capítulo 4 os ingresos en concepto de fondo complementario. A regularización da contabilidade supuso a devolución de ingresos indebidos por importe de 15,98 millóns para a súa imputación aos conceptos correctos. Deste xeito, a execución do concepto 42000 foi do 84,8%, pero se sumamos os ingresos imputados aos capítulos 1 e 2 en concepto de cesión de tributos, a execución é do 106,5%. A compensación do IAE (ingreso non afectado) foi do 119%. Salientar a subvención do transporte, que duplica as previsións; e o ingreso do Fondo Galego de cooperación local cunha execución do 103%. Os demais conceptos executáronse con normalidade e, na meirande parte dos casos, son ingresos afectados que se integraron no Orzamento a través dunha modificación orzamentaria

O capítulo 5 executouse nun 72%. Duplicáronse os dereitos sobre as previsións en xuros de depósitos e houbo unha redución nos demais conceptos

O capítulo 6 inclúe soamente a modificación orzamentaria dos ingresos afectados a gastos. O capítulo 7 só prevé ingresos afectados. A execución global é do 72,34 %, fundamentalmente pola adaptación dos dereitos recoñecidos das aportacións de Xunta e Deputación ao gasto na obra do parque de bombeiros. O carácter de ingresos afectados a gastos concretos explica o porcentaxe do 154% de modificación das previsións iniciais en función da concesión de novas subvencións

O capítulo 8 inclúe a modificación das previsións do concepto 87002, concepto que recolle os ingresos derivados do remanente de tesourería para gastos con financiación afectada que financiaron a incorporación de remanentes ao exercicio 2006, e que non supoñen recoñecemento de dereitos, motivo dos axustes do resultado orzamentario que despois se comentan

O capítulo 9 recolle a recadación do préstamo previsto de 7 millóns destinado a financiar o Anexo de inversións e transferencias de capital 2006, e a operación de 0,6 millóns da operación de crédito para gastos urxentes. En ambos casos son ingresos afectados

Recordar que o importe dos dereitos recoñecidos que sirven de cálculo do resultado orzamentario son os dereitos netos, isto é, os dereitos recoñecidos totais descontados os dereitos anulados. O importe dos dereitos totais son 120,47 millóns (un 18% mais que no ano 2005) e o importe das anulacións 18 millóns, distribuídos en 0,78 millóns por anulación de liquidacións e 17,25 millóns por devolución de ingresos. Non obstante, o importe de anulacións por devolución de ingresos efectivo foi de 1,26 millóns pois no capítulo 4, e polo motivo exposto con anterioridade, houbo que contabilizar unha devolución de 15,98 millóns. Ter en conta tamén que a devolución de ingresos indebidos impútase ao orzamento corrente, independentemente do exercicio do que proceda o ingreso anulado.

Vid. cadro comparativo de execución de ingresos de corrente

## I.2.- OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS

O Orzamento de gastos modificouse nun 36,81%. As modificacións no Orzamento de gastos afectan fundamentalmente aos capítulos 6 e 7. O capítulo 7 nun 115% exclusivamente pola incorporación de remanentes e o capítulo 6 nun 105%, dos que o 84,5% son pola incorporación de remanentes e o resto por novos ingresos.

As modificacións no capítulo 1 (un 8,92%) derivanse nun 82% de xeración de créditos por aportacións finalistas para gastos de persoal. As modificacións do capítulo 2 (15%) proceden nun 66% de xeracións de créditos polo mesmo motivo; e merecen especial mención as ampliacións de crédito nun 14% nas partidas de Traballos realizados por outras empresas na inspección tributaria e nas sancións de tráfico, e o crédito extraordinario por importe de 0,5 millóns para os gastos dos incendios. O capítulo 3 modifícase polo ingreso da CCAA para o pago dos intereses do Monte do Gozo, o que supoñe un incremento do 23% dos créditos totais sobre os iniciais. O capítulo 4 incrementouse nun 6,2% fundamentalmente por xeracións de créditos por ingresos afectados. O capítulo 8 modificouse nun 3% para incorporar a aportación á fundacións. O capítulo 9 non se modifica

O porcentaxe total das obrigas recoñecidas netas respecto aos créditos definitivos é do 69,91%, pero a execución por capítulos é moi desigual.

Así, a execución das operacións correntes (capítulos 1 a 4) supoñen o 94,91% e as operacións de capital (capítulos 6 a 9) o 38,68%

Analizando a execución do gasto por capítulo detéctase un aforro en operacións correntes de 3,7 millóns, fundamental no resultado orzamentario pois son os créditos financiados case na súa totalidade con ingresos non afectados. A execución do capítulo 1 é do 95,76%, aínda que, considerando o elevado importe deste capítulo, o aforro neto supón 1,3 millóns €

No capítulo 2 de gastos o porcentaxe de obrigas sobre créditos totais é do 93%, o que supón un aforro de 2,2 millóns (a metade de aforro que no exercicio 2005); derivado fundamentalmente do concepto 227 e do concepto 226, aínda que neste último caso corresponden na súa maioría a gastos financiados con ingresos afectados

No capítulo 3, o bo comportamento do concepto 31000 de xuros de operacións de endebedamento, cunha execución do 91%, compénsase co desfase do concepto 34900 de xuros a particulares, cunha execución do 123%, derivado do pago dos xuros da expropiación do Monte do Gozo. No obstante, o incremento dos tipos impositivos supoñen o incremento de execución de intereses de operacións de crédito nun 13% respecto ao ano 2005

A execución do capítulo 4 foi do 98%, debido aos aforros das transferencias non nominativas

O capítulo 6 está financiado basicamente con ingresos afectados. A no obtención de ingresos en concepto de aproveitamento urbanístico e cotas de urbanización por 8,4 millóns e a obtención do resto xa moi avanzado o exercicio explica a baixa execución de obrigas sobre créditos totais, só un 32%

Se analizamos as fases anteriores as obrigas recoñecidas vemos que o porcentaxe de gastos autorizados do capítulo 6 sobre créditos totais é do 53% e dos comprometidos do 47%. É dicir, que o Concello iniciou os trámites administrativos dos gastos do capítulo 6 nun 53%, aínda que só chegaron á fase de obriga o 32%. O importe dos créditos non obrigados e financiados con ingresos afectados, de obrigada incorporación, supoñen 26,5 millóns

No capítulo 7, ao tratarse de transferencias, o importe das fases previas coincide coas obrigas, un 46,8%.

O capítulo 8 executouse nun 99,33%. O capítulo 9 ten unha execución do 98,08%.

Vid.cadro comparativo de execución de gastos de corrente

### I.3.- CALCULO E AXUSTES DO RESULTADO ORZAMENTARIO

A novidade da liquidación do exercicio 2006 é a presentación do resultado orzamentario segundo o establecido polas regras 78 a 80 da Orde 4041/2004, desglosando o resultado segundo o carácter das operacións:

- ? O resultado das operacións correntes (capítulos 1 a 5) é positivo en 22,8 millóns. Non obstante, hai que ter en conta que os ingresos dos conceptos 39700 e 39908 son ingresos afectados a gastos do capítulo 6
- ? O resultado do resto das operacións correntes non financeiras (capítulos 6 e 7) é negativo en (-14,27) millóns, derivado da financiación desos gastos con ingresos dos conceptos 39700, 39908 o con fondos propios
- ? O resultado das operacións non financeiras é, polo tanto, de 8,55 millóns
- ? O resultado de activos financeiros é de -5.684,07 euros, e reflexa a diferenza na execución de gastos e ingresos dos anticipos ao persoal
- ? O resultado de pasivos financeiros é positivo en 2,98 millóns e deriva do cumprimento da plan de saneamento no apartado de endebedamento
- ? O resultado orzamentario antes de axustes é de 11,53 millóns. Ese importe debe axustarse en función das desviacións de financiación positivas e negativas, segundo establece a regra 50 da Orde 4041/2004, e que modifica o cálculo que determinaba a anterior Instrucción. O axuste neto ao resultado orzamentario é (-2,74 ) millóns, o que supón un resultado orzamentario de 8.791.079,13 euros

No apartado seguinte analízanse os efectos do resultado orzamentario na redución do remanente de tesourería

Vid. Cadro comparativo do Resultado orzamentario 2005/2006

## II)REMANENTE DE TESOURERÍA

O importe do Remanente de tesourería para gastos xerais do ano 2006 é de (-11.328.085,97) euros, o que supón unha redución respecto ao do exercicio de 6.902.247,98 euros.

Comparando os remanentes de tesourería dos exercicios 2005-2006, o importe dos debedores pendentes de cobro redúcense nun 7,7%, os acredores pendentes de pago redúcense nun 24,3%, os fondos líquidos incrementanse nun 15,6% e o remanente para gastos con financiación afectada nun 11%

### II.1.- DEBEDORES PENDENTES DE COBRO

O importe total dos debedores pendentes de cobro son 33,3 millóns, desglosados do seguinte modo:

A.- De orzamento de ingresos corrente: o importe pendente é de 15,9 millóns, un 95% respecto ao exercicio 2005. O porcentaxe de recadación sobre os dereitos recoñecidos netos do exercicio foi do 84,38 %.

Por capítulos, o 6 e 8 teñen un porcentaxe de recadación do 100%. O capítulo 9 recaudose nun 98,97%, posto que deixouse como pendente de cobro o importe do crédito que financiaba as obrigas correspondentes aos gastos urxentes dos incendios pola súa pouca contía e para que a execución do proxecto rematase no exercicio. O capítulo 7 ten unha recadación do 44%, xustificable por tratarse de conceptos que na meirande parte dos casos vinculan o ingreso efectivo á xustificación da realización do gasto. O capítulo 4 ten un porcentaxe de recadación do 81,6%, e o pendente de cobro está na aportación do mes de decembro e anticipo da liquidación 2005 da participación en tributos e compensación IAE, e en subvencións pendentes de ingreso que financian gastos concretos

A recadación de ingresos "propios" (capítulos 1 a 3 y 5) supoñe un porcentaxe do 86%, repartido entre unha recadación do 89% do capítulo 1, o 94% do capítulo 2, o 78% do capítulo 3 e o 84% do capítulo 5. O importe pendente de cobro máis importante é do capítulo 3 con 5,3 millóns, pero inclúense conceptos como Taxa de lixo cun pendente de 3,1 millóns, e os ingresos afectados de Cotas de urbanización con 1,1 millóns

A análise pormenorizada da xestión tributaria e recadatoria debe ser realizada polo servizo de xestión de ingresos

Vid.cadro comparativo de execución de ingresos de corrente

B.- De orzamento de ingresos pechados: o importe pendente é de 22,6 millóns, casi a mesma cantidade que no exercicio 2005.

Do importe total pendente de cobro ao inicio do exercicio, 39,4 millóns, recadáronse 14,9 millóns, o que supoñe un 39,75%, só un 1% máis que no exercicio 2005

Do importe total pendente de cobro a 31-12-06 (22,6 millóns), o 88% corresponden ao pendente dos anos 2000 a 2005. A recadación dos exercicios 2001 a 2004 moveuse en torno ao 12%; do exercicio 2000 foi do 26% e do 2005 do 73%. A recadación dos exercicios 1989 a 1999 foi do 3%

Por capítulos, o porcentaxe total de recadación de operacións correntes é do 42,8% e de operacións de capital do 29%

O capítulo 2 ten o porcentaxe mais alto de recadación, un 73%. Os capítulos 3 e 4 teñen un porcentaxe de recadación en torno ao 62%. Os porcentaxes mais baixos de recadación están no capítulo 1 (o 16,7%) e no capítulo 5 (o 27,8%).

O pendente de cobro do capítulo 1 supón o 63,7% do total de operacións correntes e o 46,3% do importe total pendente. O pendente de cobro do capítulo 7 supón o 27% do importe total pendente.

Respecto as anulacións de dereitos, o importe total é de 1,05 millóns e 0,67 de cancelacións (0,23 por prescripción e 0,43 por insolvencias). O importe imputado para o cálculo do remanente de tesourería do exercicio 2005 como dubidoso cobro foi de 3,9 millóns. Así pois, hai anulacións por menos importe do previsto en 2,2 millóns

Se analizamos as anulacións e a súa incidencia no remanente de tesourería vemos que hai anulacións por importe de setenta e nove mil euros correspondentes a ingresos que financiaban ingresos afectados cuio gasto non vai realizarse e que, por ese motivo, non teñen incidencia no remanente de

tesourería. O resto de anulacións supoñen 1,65 millóns, isto é 2,29 millóns menos das provisionadas, e que ocasionan unha maior redución do remanente negativo de tesourería do exercicio 2006 por dito importe

Vid.cadro comparativo de execución de ingresos de pechados

C.- De operacións non orzamentarias: o importe pendente é 0,6 millóns, similar ao do ano anterior, e corresponde ás operacións de IVE

D.- Ingresos pendentes de aplicación: segundo a regra 85 da Orde 4041/2004, inclúense tódolos ingresos da conta 554 e 559, posto que non se pode determinar o importe das cantidades que corresponden a recursos por conta doutros entes. O incremento respecto ao ano 2005 prodúcese porque nese exercicio o importe incluíase, principalmente, no apartado de Acredores pendentes de pago de operacións non orzamentarias, pero en termos globais os ingresos pendentes de aplicación reducíronse de xeito moi importante

## II.2.- ACREDITORES PENDENTES DE PAGO

O importe total dos acredores pendentes de pago son 32,3 millóns, desglosados do seguinte modo:

A.- De orzamento de gastos corrente: o importe pendente é de 22,1 millóns, que supoñen un 82% do pendente no 2005. O porcentaxe de pago sobre as obrigas recoñecidas é do 75,6%

O porcentaxe de pago aproxímase ao 100% nos capítulos 1 e 8. Nos demais móvese en torno ao 66% e, de feito, en abril do 2007 só queda pendente de pago 0,9 millóns do exercicio 2006; o que da unha idea da mellora na redución dos prazos de pagamento

No apartado dos fondos líquidos analízase a influencia sobre a tesourería

Vid.cadro comparativo de execución de gastos de corrente

B.- De orzamento de gastos pechados: o importe pendente é mínimo, 0,1 millóns, un 56% respecto ao exercicio 2005.

Do importe total pendente ao inicio do exercicio (27 millóns) fixéronse pagos por 26,9 millóns, un 99,59%

Vid.cadro comparativo de execución de gastos de pechados

C.- De orzamento de ingresos: a Orde 4041/2004 non inclúe os acredores por devolucións de ingreso no cálculo de remanente de tesourería, polo que non figura no estado do remanente de tesourería 2006. A título informativo, indicar que o pendente por ese concepto é de 110 mil euros

D.- De outras operacións non orzamentarias: o importe pendente é 10 millóns, un 34% menos que no 2005. Coa Orde 4041/2004, o importe pendente en concepto de recursos doutros entes inclúese agora neste apartado, e os ingresos pendentes de aplicación inclúense no apartado de debedores pendentes de cobro.

Facendo os cálculos conxuntos, o importe dos acredores non orzamentarios redúcense en 3,8 millóns.

A explicación ven pola redución de 2 millóns en operacións de tesourería e pola aplicación orzamentaria de ingresos pendentes de aplicación

### II.3.- FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA

A existencia final son 14,2 millóns.

A recadación de ingresos pechados foron 14,9 millóns e os pagos 26,9 millóns. Polo tanto, tiveron que utilizarse os ingresos do exercicio corrente para o abono da diferenza (12 millóns).

A recadación de ingresos corrente foi 86,4 millóns e os pagos 68,7 millóns; polo que houbo un exceso de tesourería de 17,7 millóns

En termos netos, o exceso de 5,7 millóns sirviu para cancelar acredores non orzamentarios netos (incluendo debedores e acredores non orzamentarios, ingresos pendentes de aplicación, e recursos de outros entes) por importe de 3,8 millóns; e dese modo a tesourería incrementouse en 1,9 millóns respecto ao exercicio 2005

### II.4.- SALDOS DE DUBIDOSO COBRO

Este é o importe clave para a explicación da evolución do remanente de tesourería, xunto co superávit do exercicio.

Segundo a base de execución 34 calcúlase os dereitos de dubidoso cobro no importe de 4.230.768,04 euros. Incrementase o importe respecto ao exercicio 2005 nun 7%.

Se relacionamos este apartado co apartado III) 1.B obtemos a explicación da redución do remanente de tesourería en 6,9 millóns respecto ao do exercicio 2005.

A dotación de 4,2 millóns de dubidoso cobro no remanente de 2006 corresponde a dereitos pendentes de cobro dos exercicios anteriores a 2005, é dicir, a dereitos pendentes de cobro a 31-12-2005 que xa formaban parte do remanente de tesourería de 2005. Polo tanto, a diferenza entre o importe de 2,29 millóns menos de anulacións sobre as provisionadas e os 4,23 millóns de dotación de dubidoso cobro supoñen 1,93 millóns de euros que incrementarían o remanente de tesourería negativo de 2006. Ese incremento minórase co superávit de 8,7 millóns do resultado orzamentario e coa non consideración dos acredores por devolución de ingresos no remanente de tesourería, de xeito que púdose reducir o remanente negativo en 6,9 millóns.

O axuste dos dereitos de dubidoso cobro ás anulacións reais é unha clave fundamental para a redución do remanente negativo

No cadro comparativo dos remanentes de tesourería 2005\_2006 figuran os ingresos de dubidoso cobro no mesmo apartado para facer a comparación nos mesmos termos, aínda que no estado de remanente de tesourería da Orde 4041/2004 inclúese minorando o remanente de tesourería total

### II.5.- REMANENTE PARA GASTOS CON FINANCIACION AFECTADA

O importe do RTGFA é de 26,5 millóns, un 11% maior que no ano 2005. Corresponde cos dereitos recoñecidos afectados á financiación de gastos non obrigados, calculados de forma acumulada a 31-12-2006, e é o recurso de financiamento da incorporación obrigada dos remanentes de crédito, segundo sinala a regra 83 da Orde 4041/2004

Do importe total, 12,7 millóns corresponden cos proxectos do exercicio 2006, e o resto cos proxectos anteriores

A existencia dun RTGFA tan elevado supón que se están a recoñecer dereitos e non recoñecendo obrigas, polo que se debería tratar de acompañar a execución do gasto á do ingreso na medida do posible, sobre todo cando a fonte de financiación é o endebedamento



### III) PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO

O Pleno da Corporación aprobou o 15 de abril do 2004 un Plan de saneamento financeiro 2004-2007, cunha serie de compromisos recollidos no apartado III.

Evalúase neste apartado o cumprimento de ditos compromisos:

1.- O resultado orzamentario positivo debe superar 4,5 millóns: o compromiso cúmprese porque o resultado é 8,7 millóns

2.- O aforro corrente (dereitos recoñecidos corrente – dereitos recoñecidos aproveitamento urbanístico e cotas de urbanización - gastos recoñecidos corrente) debería situarse por riba dos 9 millóns:  $91.369.807,57 - 5.227.086,82 - 4.010.237,1 - 68.547.288,51 = 13.585.195,14$ . Polo tanto, este compromiso tamén se cumpre

3.- O aforro corrente neto ( o anterior menos o capítulo 9 de gastos) debería ser superior a 4,5 millón de euros: cúmprese porque é de 8,97 millóns

4.- Este é o compromiso de accións a realizar no caso de que os compromisos anteriores non se cumprisen. Non é aplicable ao exercicio 2006

5.- O remanente líquido de tesourería eliminaríase en 31 de decembro de 2007, seguindo unha evolución que o sitúa en 2006 en -6,5 millóns euros. O remanente é -11,32 millóns, polo que o supera en 4,82 millóns.

A evolución deste parámetro é a única que se desvía das previsións do plan de saneamento, aínda que en termos de redución interanual cúmprese co obxectivo proposto.

6.- As previsións en canto a evolución das operacións de endebedamento situaban as operacións vivas en 71.011.932 euros (65,5 a longo prazo e 5,5 a curto) e as reais son 69.918.454,47 euros (65,8 a longo e 4,04 a curto). Polo tanto este compromiso cúmprese e ademais redúcese o endebedamento. A diferenza de 0,3 en operacións a largo débese ao incremento dos tipos en operacións amortizables co sistema francés e nas operacións a curto inclúese a operación de 0,6 millóns de crédito para financiación de gastos extraordinarios posto que as operacións propiamente de tesourería son 3,45 millóns, 1,1 menos dos previstos no plan de saneamento

#### ANEXOS:

- 1.- .cadro comparativo de execución de ingresos de corrente
- 2.- cadro comparativo de execución de gastos de corrente
- 3.- cadro comparativo de execución de ingresos de pechados, por ano e capítulo
- 4.- .cadro comparativo de execución de gastos de pechados, por ano e capítulo
- 5.- cadro comparativo do resultado orzamentario 2005/2006
- 6.- cadro comparativo do remanente de tesourería 2005/2006

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2006

O INTERVENTOR

Asdo.: Albino Otero Iglesias